

REGULAMENTO DO CANICROSS CONCELLO BOBORÁS

Boborás, 18 de xaneiro de 2015

PROGRAMA

14-01-15

15:00 Peche Inscripcións

18-01-15

09:00 Inicio Control Veterinario

09:30 Reunión Informativa / Fin Control Veterinario

10:00 Saída CaniCross LGC

13:00 Publicación clasificación provisional

13:30 Publicación de resultados oficiais

14:00 Entrega de galardóns.

Poderase modificalo horario se o organizador o considera necesario previa autorización do Delegado Técnico da FGDI.

REGULAMENTO

Artigo 1. Organización

La FGDI, en colaboración con ACADE e o Concello de Boborás, organiza o “Canicross Boborás”, para o día 18 de xaneiro de 2015, na localidade de Boborás (Ourense). Esta proba está organizada de acordo co Regulamento da FGDI (Regl. CaniCross, Regl. Mushing y Regl. Liga Galega Mushing) que se pode revisar en www.asociacionacade.com ó www.fgdi.es e o especificado nas presentes instrucións.

Artigo 2. Participantes admitidos

A proba está aberta a tódolos deportistas con licenza da FGDI ou da RFEDI na modalidade de Mushing, válida para a tempada 2014-2015 que teñan o can con seu correspondente Póliza de Responsabilidade Civil que cubra especificamente a práctica Deportiva.

Os cans participantes na competición deberán levar posto un microchip como método de identificación, ter unha idade superior a 1 ano e inferior de 10 anos e a cartilla actualizada no derradeiro ano no que conste: vacina antirrábica, vacina polivalente e vacina fronte o complexo da laringotraqueítis canina, tamén coñecida coma “tos das canceiras”.

Os cans que no estean en condicións de saúde axeitadas para a súa participación, a criterio do veterinario da proba, non serán admitidos.

Artigo 3. Responsabilidade Civil dos cans.

Na proba, será imprescindible cos cans teñan unha póliza de responsabilidade civil que cubra especificamente a práctica deportiva.

La no presentación o ausencia del Xustificante de RC será motivo de descualificación.

Artigo 4. Categorías e Circuitos

As categorías divididas por sexo e a distancia a percorrer será:

Kms	Categoría	Año Nac.		
7'4	J1H / J1M	2001-1999	Xuvenil 1 Home / Muller	1 can
7'4	J2H / J2M	1998-1995	Xuvenil 2 Home / Muller	1 can
7'4	SH / SM	1994-1976	Sénior Home / Muller	1 can
7'4	V40H / V40M	1975-1966	Veteráns 40 Home / Muller	1 can
7'4	V50H / V50M	1965 y antes	Veteráns 50 Home / Muller	1 can

Será necesario 5 participantes para constituír categoría si no se reagruparán.

Artigo 5. Inscripcións

Deberán tramitarse e pagarse antes das 15:00 horas do 14 de xaneiro de 2015 a través de www.championchipnorte.com o igual que cubrir o CONTROL VETERINARIO en

www.asociacionacade.com

O Xurado da Proba poderá, en aplicación dos regulamentos, rexeitar calquera inscrición dun can ou equipo.

Artigo 6. Orde de saída

A saída será conxunta de tódalas categorías a vez.

Non haberá intervalo de saída entre os participantes das categorías pero o D.T. da FGDI poderá decidir dalas de calquera outra forma.

Deberase ter en conta co procedemento de saída e as súas penalizacións rexeranse pola normativa da FGDI e a RFEDI.

Artigo 7. Regulamento de Pista. Balizaxe

Un participante e o seu equipo deberán percorrer a totalidade do circuíto establecido. Se un tiro saíse da pista, o condutor deberá reconducilo, sen prexudicar o resto de participantes, ata o lugar onde deixou a pista.

Balizaxe: A balizaxe indicárase de forma clara con cintas, frechas e sinais.

Artigo 8. Trofeos

Outorgárase Trofeo o 1º de cada categoría e os 2º e 3º Medalla.

Artigo 9. Stake-out: Cada equipo ubicará os seus cans na zona indicada para stake-out. A zona de stake-out deberá manterse limpa de excrementos dos cans, especialmente o rematar a carreira. O lixo tirarase nos contenedores habilitados pola organización. Deixar en mal estado a zona de stake-out ou abandonar intencionadamente o lixo, poderá ser penalizado. En ningún momento poderá haber cans participantes soltos na zona da proba.

Artigo 10. Material obrigatorio: Esixírase o material obrigatorio esixido no Regulamento da LGC que se pode ver en www.asociacionacade.com ou en www.fgdi.es

Artigo 11. Reclamacións

As clasificacións e sancións publicaranse antes da entrega dos galardóns. Calquera reclamación deberá presentarse por escrito ante o Xurado da Proba, polo Xefe de Equipo a que pertenza o reclamante, antes dos 30 minutos seguintes a publicación dos resultados. Deberase acompañar de un depósito de 65 euros, que será devolto únicamente no caso de que a reclamación sexa aceptada. No caso de ser rexeitada, este importe irá a conta da FGDI para actividades desenvolvemento do mushing.

Artigo 12. Seguro de Responsabilidade Civil

A organización contará cun seguro de Responsabilidade Civil que cubra a competición, o Xurado e os demais encargados do normal desenrolo da proba.

Polo feito de inscribirse o deportista declara coñecer e aceptalo presente Regulamento e faise responsable de calquera dano que puidera provocar el ou o seu can a terceiros durante o desenrolo da proba, incluíndo esta no período que comprende dende 30 minutos antes do inicio do Control Veterinario ata 1 hora despois da entrega de galardóns.

Tódolos corredores, o realizar a inscrición, asumen dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil que cubre especificamente durante a práctica deportiva os danos que poidan ocasionar os seus cans.